



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:40 horas do día 6 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste ao punto 1a)

Vocais: D^a. Susana García Álvarez (asiste aos puntos 1a e 2a)
D. Pablo Olmos Pita (asiste aos puntos 3a a 9c)
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 2a)
D. Javier Muradás Blanco
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 3, 4 e 5)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 3, 4, 5, 6, 7a, 8a e 9a)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 7b, 8b e 9b)
D. Jorge Muñoz Rama (asiste ao punto 3b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os punto incluídos na **orde do día**:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 4 de outubro de 2016

Apróbase cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301) (oferta que excede do orzamento tipo de licitación)

Entrégase o informe do xefe da Área de Benestar Social de data 3 de outubro de 2016 no que fai constar que *"Examinadas as ofertas económicas (sobre C) presentadas polos distintos licitadores, considérase que, a oferta presentada por Emaús Fundación Social supera o prezo de licitación sen IVE"*. Logo do correspondente estudo polos membros da Mesa, que deixaran pendente este asunto na sesión do 5 de outubro de 2016, acordan, por unanimidade excluír á empresa EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL por exceder a súa oferta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do orzamento base de licitación (cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

3.- Apertura da documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento a todos os licitadores presentados, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL
3. ORESA, SL
4. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA
5. EXCAV. Y CONSTRUC. MANUEL PEREZ PORTELA SL
6. ORECO SA
7. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL
8. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA
9. CIVISGLOBAL SLU
10. AVAN INTEGRAL SL
11. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA- ALVAC
12. UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS
13. ELSAMEX, S.A.
14. UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL-OGMIOS PROYECTO SL
15. COPCISA, S.A.
16. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
17. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
18. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.
19. HORDESCON, S.L.
20. PROYECON GALICIA, S.A.
21. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA)
22. JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.
23. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
24. UTE CONST. OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.
25. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
26. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
27. CONSTRUCCIONES VALE, SL

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Os membros da Mesa deciden solicitar a asistencia do técnico que informou o proxecto co fin de que aclare se os contratos declarados polas empresas CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA se corresponden con obras análogas ás do obxecto do contrato, como esixe o prego de cláusulas administrativas particulares, para os efectos de comprobar a súa solvencia técnica. Incorporárase á sesión D. Jorge Muñoz Rama, xefe da Unidade da OSPIO, que aclara as dúbidas dos membros da Mesa.

Tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación e atendendo ao criterio do xefe da Unidade da OSPIO, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento os licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
4. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
5. ORECO, SA
6. O.T.C. FONTEFRIA, SLU
7. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU
8. ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
9. MONTAJES JM IGLESIAS, SL
10. ELSAMEX, SA
11. COPCISA, SA
12. CONSTRUCCIONES VALE, SL
13. NAROM, SL
14. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada xa que a solvencia técnica e profesional que declaran resulta insuficiente (os contratos que declaran non están todos relacionados co obxecto do contrato e os que si gardan relación non son suficientes):

1. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo a declaración presentada pola UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, a empresa CONSTRUCCIONES RAMÍREZ posúe a clasificación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares, se ben non consta que a empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU estea clasificada.

En base ao anterior, o presidente decide que se proceda a solicitar telefonicamente á empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU a emenda da documentación, presentado esta por correo electrónico dirixido ao Servizo de Contratación a certificación da Subdirección Xeral de Clasificación de Contratistas e Rexistro de Contratos onde consta clasificada no grupo C - subgrupo 6 - categoría A. A Mesa comproba, no entanto, esta clasificación a través da web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento a todos os licitadores presentados, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
 2. GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL
 3. ORESA, SL
 4. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA
 5. EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, SL
 6. ORECO, SA
 7. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
 8. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ
 9. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA
 10. DRAGADOS, SA E OUTRA
 11. CIVISGLOBAL, SLU
 12. AVAN INTEGRAL, SL
 13. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA-ALVAC
 14. UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS
 15. ELSAMEX, SA
 16. UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL- OGMIOS PROYECTO, SL
 17. COPCISA, SA
 18. CONSTRUCCIONES VALE, SL
 19. NAROM, SL
 20. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
 21. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
 22. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA
 23. HORDESCON, SL
 24. PROYECON GALICIA, SA
 25. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
 26. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL
 27. UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
 28. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento a todos os licitadores presentados, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL
3. ORESA, SL
4. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA
5. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL
6. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
7. ORECO, SA
8. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
9. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SL
10. CIVISGLOBAL, SLU
11. AVAN INTEGRAL, SL
12. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA - ALVAC
13. UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS
14. ELSAMEX, SA
15. UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, SL - OGMIOS PROYECTO, SL
16. COPCISA, SA
17. CONSTRUCCIONES VALE, SL
18. NAROM, SL
19. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
20. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
21. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
22. HORDESCON, SL
23. PROYECON GALICIA, SA
24. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA - COPSESA
25. JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA
26. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asiste á apertura D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Fechi Aglomerados Crespo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castela, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 3b requirir a emenda da documentación persoal a dúas empresas.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asiste á apertura D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Fechi Aglomerados Crespo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asiste á apertura D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Fechi Aglomerados Crespo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Licitador	Prezo	Incremento prazo de garantía
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	400.112,55	0
UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU RAMIREZ, SLU	374.374,31	60
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	372.642,84	48
CIVIS GLOBAL, SLU	363.658,24	72
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	359.539,74	156
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL	321.493,95	48
MONTAJES J M IGLESIAS, SL	374.841,00	57
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	380.457,00	62
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	364.546,99	120
ORESA, SL	347.232,18	60
COPCISA, SA	356.731,93	138
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	374.374,31	88
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	362.347,54	120
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	366.418,87	120
CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA	365.810,50	60
CONSTRUCCIONES OREGA, SL	346.436,64	72
NAROM, SL	368.945,89	98
ELSAMEX, SA	400.112,55	144
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	375.263,46	120
HORDESCON, SL	329.402,60	24
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	369.224,24	69
OGNIOS PROYECTO, SL	369.655,00	180
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	465.394,08	1000

Asiste D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Fechi Aglomerados Crespo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados



a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

Á vista do acordo adoptado na sesión do 26 de setembro de 2016 de inicio do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con varias das empresas presentadas por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, se concedeu un prazo de tres días ás empresas que deseguido se relacionan para os efectos de que puidesen formular alegacións e a documentación oportuna para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións:

1. REALTURF SYSTEMS, SL
2. MONDO IBÉRICA, SA
3. OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL
4. NAROM, SL

Durante o referido prazo só presentou documentación a empresa MONDO IBÉRICA, SA.

Faise entrega aos membros da Mesa do informe asinado polos arquitectos municipais do 3 de outubro de 2016 onde fan constar que documentación presentada por MONDO IBÉRICA, SA *“xustifica dun xeito axeitado e detallado a baixa ofertada e a redución das porcentaxes de beneficio recollidas na súa proposta. Pódese polo tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa ofertada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

7.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333) (informe sobre C)

Entrégase o informe do Xefe da Área de Investimentos, de data 4 de outubro de 2016, de valoración do sobre C *“PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA”* e clasificación das ofertas por orde descendente.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre C)

Entrégase na mesma sesión o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 6 de outubro de 2016, que rectifica o de data 5 de outubro (remitido aos membros da Mesa coa convocatoria da orde do día), sobre valoración do sobre C *“PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA”* e clasificación das ofertas por orde descendente.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre C)

Non se trata este asunto porque o Servizo non entregou o correspondente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333) (informe sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do Xefe da Área de Investimentos, de data 4 de outubro de 2016, de valoración do sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" e clasificación das ofertas por orde descendente.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 6 de outubro de 2016, que rectifica o de data 5 de outubro, sobre valoración do sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" e clasificación das ofertas por orde descendente.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre C)

Non se trata este asunto porque non se tratou o punto 7c.

9.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
- HORDESCON, SL
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP), ao terse considerado que conteñen valores anormais ou desproporcionados, segundo o informe do Xefe da Área de Investimentos de data 21 de setembro de 2016:

- REALTURF SYSTEMS, SL
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL
- NAROM, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONDO IBERICA, S A	80,00
MECANO SPORT, S L	78,42
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	77,23
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L	64,54
NATURF DEVELOP, S L	64,10
SPORT EQUIPALIA, S L	46,21

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única oferta presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
Plantas de Levante, SL	55 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANTAS DE LEVANTE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

Non se trata este asunto porque non se trataron os puntos 7c e 8c.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 6 de outubro de 2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O presidente da Mesa de Contratación
David Regades Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 21:15	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44C-5FDFAF-834DA8-6KQFG3-N3B6FM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		